

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 11 de SETEMBRO de 2009**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 11 de setembro de 2009, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, n. 7/09, do 31 de xullo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da n. 14.101 á n. 18.000, do 2009.

3.-Proposición da Presidencia sobre a representación da Deputación no Consello Asesor de Telecomunicación e Audiovisual de Galicia.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

-
4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneam. San Paio-Pousadoira e ou.” do Concello de Cambre, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008. Código: 08.2100.0066.0.

5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento en Saíña” do Concello de Valdoviño, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2007. Código: 07.2100.0388.0.

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Accesos, ascensor e aseos do CEIP Santiago Apóstol” do Concello de Mugarbos, incluída na 2ª fase da anualidade 2006 do Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas. Código 06.3230.0062.0.

7.-Aprobación da primeira fase do “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociado ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)”.

Economía, Facenda e Especial de Contas

8.-Aceptación da delegación de competencias municipais para a reclamación ao Ministerio de Economía e Facenda, pola bonificación do 95% do imposto sobre bens inmobles (IBI) ás autoestradas. Concellos: Abegondo, Bergondo, Miño, Narón e Teo.

9.-Aprobación da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2008.

Actas

[10.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo da deputada provincial dona Ángeles Vázquez Mejuto.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIONES](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 11 DE SETEMBRO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 11 de setembro de 2009, reuniuse a Excm. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP

DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste a Sra. Seixas Naia.

A Sra. Vázquez Veras incorpórase á sesión no punto número 10.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, N. 7/09, DO 31 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 7/09, do 31 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N. 14.101 Á N. 18.000, DO 2009.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.101 á nº 18.000, do 2009.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A REPRESENTACIÓN DA DEPUTACIÓN NO CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIÓN E AUDIOVISUAL DE GALICIA.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da presidencia:

“Propoñer para formar parte do Consello Asesor de Telecomunicación e Audiovisual de Galicia en representación da Deputación Provincial da Coruña como vogal titular á deputada provincial dona Margarida Vázquez Veras, e como vogal suplente ao deputado provincial don Bernardino Rama Seoane. “

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAM. SAN PAIO-POUSADOIRA E OU.” DO CONCELLO DE CAMBRE, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0066.0.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Saneam. San Paio-Pousadoira e ou." (código:08.2100.0066.0) do Concello de Cambre, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 134.998,96 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial dalgún dos camiños previstos no proxecto orixinal."

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
08.2100.0066.0	Cambre	Saneam. San Paio-Pousadoira e ou.	63.314,78	43.585,17	18.129,23	9.969,78	134.998,96

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "SANEAMENTO EN SAÍÑA" DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2007. CÓDIGO: 07.2100.0388.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Saneamento en Saíña" (código:07.2100.0388.0) do Concello de Valdoviño, incluída no POS 2007, cun orzamento de contrata de 56.933,43 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do seu trazado inicial."

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
07.2100.0388.0	Valdoviño	Saneamento en Saíña	21.646,41	21.143,01	7.551,07	6.592,94	56.933,43

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "ACCESOS, ASCENSOR E ASEOS DO CEIP SANTIAGO APÓSTOL" DO CONCELLO DE MUGARDOS, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2006 DO PLAN DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. CÓDIGO 06.3230.0062.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Accesos, ascensor e aseos CEIP Santiago Apóstol", do Concello de Mugardos, incluída na segunda fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, co código 06-3230-0062.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.

06-3230-0062.0
Accesos, ascensor e aseos CEIP Santiago Apóstol. Concello de Mugardos
SOBRE O ORZAMENTO DE CONTRATA

	PROXECTO INICIAL	PROXECTO REFORMADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	82.585,48	82.585,48	0,00
CONCELLO		16.318,45	16.318,45
TOTAL	82.585,48	98.903,93	16.318,45

06-3230-0062.0 Accesos, ascensor e aseos CEIP Santiago Apóstol. Concello de Mugaros			
SOBRE O ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO REFORMADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	72.055,83	72.055,83	0,00
CONCELLO	0,00	14.237,85	14.237,85
TOTAL	72.055,83	86.293,68	14.237,85

7.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO “PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2)”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009.

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Deputación do 3 de setembro de 2009, relativa á interpretación da base 2 das reguladoras deste plan.

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases:

1º) Aprobar a primeira fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009.

No [anexo I](#) a este acordo relaciónanse as actuacións solicitadas polos concellos que se inclúen neste primeira fase, estruturadas nun apartado A, no que se conteñen as novas obras ou subministracións, e nun apartado B no que se indica o importe da achega provincial que cada concello destina ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nas bases do plan.

O resumo dos importes totais desta primeira fase do Plan é o seguinte

	Novas actuacións (Anexo I)	Financiamento de achegas municipais (Anexo II)	TOTAL
Deputación	3.002.261,02	872.042,06	3.874.303,08
Concellos	146.459,97		146.459,97
TOTAL	3.148.720,99	872.042,06	4.020.763,05

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras ou os pregos das subministracións incluídas neste plan.

3º) A aprobación definitiva das actuacións do Plan base que deseguido se indican queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que se detalla para cada unha delas, que deberá acreditarse con carácter previo á súa adxudicación:

Concello e código	Denominación da obra	Importe proxecto	Condición a cumprir
Bergondo 09.3270.0007.0	Reforma do alumeadado público de Cortiñán. Bergondo	34.810,72	<ul style="list-style-type: none"> Obter a autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento. Acreditar a dispoñibilidade dos terreos.
09.3270.0008.0	Reparación e mellora camiño O Caño a Mariñán	54.222,17	<ul style="list-style-type: none"> Obter a autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña. Obter a autorización da Dirección Xeral de Infraestruturas, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
Boimorto 09.3270.0010.0	Ampl. saneamento Arceo e Arentía. Boimorto	33.831,16	<ul style="list-style-type: none"> Obter a autorización da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia.
Malpica 09.3270.0026.0	Adec. vías públicas Barizo e Agueiro. Malpica	34.952,31	<ul style="list-style-type: none"> Obter a autorización da Consellería de Medio Ambiente.
Teo 09.3270.0046.0	Acđ. e afirmado da estrada Luou-Pontevea. Teo	153.000,00	<ul style="list-style-type: none"> Obter a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
Valdoviño 09.3270.0051.0	Canlz. san. e pluviais cruce estrada do Trece ao concello.	99.987,26	<ul style="list-style-type: none"> Obter a autorización do Servizo de Estradas da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Obter a autorización de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. Obter a autorización do Servizo de Vías e Obras. Deputación Provincial da Coruña.

4º) Ampliar o prazo previsto na base 7 para a contratación das obras ata o 30 de xuño de 2010.

5º) Aprobar o plan complementario ao presente plan, no que se inclúen os investimentos que se relacionan no [anexo II](#) a este acordo. Estes investimentos teñen carácter de supletorios e financiarase con cargo aos remanentes que se poidan producir por anulacións de proxectos ou baixas de licitación nas actuacións do plan base do respectivo concello, polo que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

A aprobación definitiva das actuacións do Plan complementario que deseguido se indican queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que se detalla para cada unha delas, que deberá acreditarse con carácter previo á súa adxudicación.

Concello	Denominación obra	Importe proxecto	Condición a cumprir
Bergondo	Pavimentación estrada das Leiras. Bergondo.	42.481,81	<ul style="list-style-type: none"> Obter a autorización de Estradas de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.

			<ul style="list-style-type: none"> • Obter a autorización da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.
Boimorto	Mellora camiños en Saamil, Fradega e Franzomil. Boimorto	49.954,97	<ul style="list-style-type: none"> • Obter autorización de Augas de Galicia da Xunta de Galicia. • Obter a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.

6º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

7º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

8º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe”.

ANEXO I: PLAN BASE

A) OBRAS OU SUBMINISTRACIÓNS

CONCELLO	CÓDIGO OBRA	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Abegondo	09.3270.0001.0	Adquisición tractor . Abegondo	37.336,64	0,00	37.336,64
	09.3270.0002.0	Adquisición vehículo policía local e furgoneta. Abegondo	36.545,03	0,00	36.545,03
	09.3270.0003.0	Adq ferramentas, maquinaria e material vehículos. Abegon	30.132,50	0,00	30.132,50
		SUBTOTAL	104.014,17	0,00	104.014,17
Aranga	09.3270.0004.0	Al. pub. en Aranga, Cambas, Fervenzas, Muniferral, Feas e Vilarraso	84.976,89	2.157,48	87.134,37
		SUBTOTAL	84.976,89	2.157,48	87.134,37
Ares	09.3270.0005.0	Repa. e mant. vías municipais Concello de Ares	80.185,56	65.602,24	145.787,80
		SUBTOTAL	80.185,56	65.602,24	145.787,80
Arzúa	09.3270.0006.0	Recup. cam da N-547 a Doraña por Bascuas. Arzúa	31.364,82	0,00	31.364,82
		SUBTOTAL	31.364,82	0,00	31.364,82
Bergondo	09.3270.0007.0	Reforma do alumeadado público de Cortiñán .Bergondo	34.810,72	12.122,98	46.933,70
	09.3270.0008.0	Reparación e mellora camiño O Caño a Mariñán	54.222,17	18.878,94	73.101,11
		SUBTOTAL	89.032,89	31.001,92	120.034,81
Boimorto	09.3270.0009.0	Canlz. contorno Colexio "Armando Cotarelo Valledor"	44.808,83	0,00	44.808,83
	09.3270.0010.0	Ampl. saneamento Arceo e Arentía. Boimorto	33.831,16	0,00	33.831,16
		SUBTOTAL	78.639,99	0,00	78.639,99
Brión	09.3270.0011.0	Ab. auga A Torre, Boaventura, Trasouteiro, Comanda (Brión)	105.341,33	0,00	105.341,33
		SUBTOTAL	105.341,33	0,00	105.341,33
Cabana de B.	09.3270.0012.0	Ref. peche perimetral Campo de Fútbol de Nantón	55.168,52	0,00	55.168,52
	09.3270.0013.0	Asf. cr. mpal: Fontefría, Miraflores, A Mata, As Redondas...	42.160,90	4.690,02	46.850,92
		SUBTOTAL	97.329,42	4.690,02	102.019,44
Cabanas	09.3270.0014.0	Repa. inst. alumeadado. pub. concello de Cabanas	40.000,00	9.500,00	49.500,00
	09.3270.0015.0	Repa. camiño Barqueiro e Feal. Cabanas	28.102,14	18.146,15	46.248,29
		SUBTOTAL	68.102,14	27.646,15	95.748,29
Camota	09.3270.0016.0	Acd. vías San Mamede e outros. Carnota	37.245,26	0,00	37.245,26
		SUBTOTAL	37.245,26	0,00	37.245,26
Carral	09.3270.0017.0	Instalación ventilación e climatiz. Casa do concello. Carral	39.010,91	6.301,60	45.312,51

								6.301,6	
					SUBTOTAL	39.010,91		0	45.312,51
Cerdido	09.3270.0018.0	Reconstrución de lavadoiros e outros. Cerdido		50.481,14		0,00		50.481,14	
					SUBTOTAL	50.481,14		0,00	50.481,14
Corcubión	09.3270.0019.0	Pav. camiño unión Rúa do Campo do Lobo e estrada do repetidor.		43.262,44		0,00		43.262,44	
					SUBTOTAL	43.262,44		0,00	43.262,44
Curtis	09.3270.0020.0	Mant. cam. municipais Filgueira, Porto e outros. Curtis		104.899,18		0,00		104.899,18	
				104.899,1				104.899,1	
					SUBTOTAL	8		0,00	8
Dumbría	09.3270.0021.0	Repa. conserv. camiños Filgueira-Ansean-Xestosa e Olveira		35.502,05		0,00		35.502,05	
	09.3270.0022.0	Repa. conserv. camiños Olveiroa-Olveira- Baiñas		68.785,85		0,00		68.785,85	
				104.287,9				104.287,9	
					SUBTOTAL	0		0,00	0
Frades	09.3270.0023.0	Conserv. rede viaria Papucín, Céltigos, Vitre e Gafoi		36.155,34		0,00		36.155,34	
	09.3270.0024.0	Conserv. rede viaria mpal Eira Vella (Abellá)- A Filgueira		41.170,37		0,00		41.170,37	
					SUBTOTAL	77.325,71		0,00	77.325,71
Lousame	09.3270.0025.0	Repa. pavimentación pista acceso Gandarela. Lousame		44.513,27		0,00		44.513,27	
					SUBTOTAL	44.513,27		0,00	44.513,27
Malpica	09.3270.0026.0	Adec. vías públicas Barizo e Aguieiro. Malpica		34.952,31		0,00		34.952,31	
	09.3270.0027.0	Adec .vías públicas Buño , Cambre e Santiso. Malpica		34.999,91		0,00		34.999,91	
	09.3270.0028.0	Adec. Campo fútbol Leiloio. Malpica		25.931,34		9.060,56		34.991,90	
								9.060,5	104.944,1
					SUBTOTAL	95.883,56		6	2
Mañón	09.3270.0029.0	Repa. pav. drenaxe Casateite e outros. Mañón		35.118,77		0,00		35.118,77	
	09.3270.0030.0	Repa. pav. camiño Igrexa a Refuxo pescadores-Ribeiras do Sor		35.946,66		0,00		35.946,66	
					SUBTOTAL	71.065,43		0,00	71.065,43
Mesía	09.3270.0031.0	Repa. pluviais Xanceda. Mesía		56.997,38		0,00		56.997,38	
	09.3270.0032.0	Repa. camiño piscina Chamuín a Ordoño (Xanceda) e outros		32.080,44		0,00		32.080,44	
					SUBTOTAL	89.077,82		0,00	89.077,82
Narón	09.3270.0033.0	Repa pluviais e pavimentos Rúa Tui. Narón		35.996,82		0,00		35.996,82	
	09.3270.0034.0	Repa. pav. camiño de acceso Capela da "O". Narón		37.185,77		0,00		37.185,77	

	09.3270.0035.0	Repa. firme camiños Rocheiro, Asperón e Vicas. Narón	55.196,43	0,00	55.196,43
	09.3270.0036.0	Repa. asfáltica camiños do Val e O Castro. Narón	59.770,37	0,00	59.770,37
	09.3270.0037.0	Repa. rodura Prados- Presa do Rei. Narón	33.266,99	0,00	33.266,99
	09.3270.0038.0	Repa asfáltica vía enlace Vilamonte- Bazón. Narón	34.018,16	0,00	34.018,16
		SUBTOTAL	255.434,54	0,00	255.434,54
Neda	09.3270.0039.0	Muro contención no Colexio S. Isidro. Neda	66.807,03	0,00	66.807,03
		SUBTOTAL	66.807,03	0,00	66.807,03
Oza dos Rios	09.3270.0040.0	Pav. camiño prrq. Cines e Mondoí. Oza dos Rios	36.350,78	0,00	36.350,78
	09.3270.0041.0	Pav. camiño prrq. Cuiña, Rodeiro e Regueiro. Oza dos Rios	45.773,92	0,00	45.773,92
		SUBTOTAL	82.124,70	0,00	82.124,70
P.Caramiñal	09.3270.0042.0	Conservación e san. vías conc. P. do Caramiñal	94.916,51	0,00	94.916,51
		SUBTOTAL	94.916,51	0,00	94.916,51
Ponteceso	09.3270.0043.0	Mellora instalacións centro socio-cultural Ponteceso	114.090,81	0,00	114.090,81
		SUBTOTAL	114.090,81	0,00	114.090,81
S.Sadurniño	09.3270.0044.0	Repa. rede viaria prrq. Lamas, Sta. Mariña do Monte, Bardaos e S. Sadurniño	43.519,77	0,00	43.519,77
	09.3270.0045.0	Repa. rede viaria prrq. Narahío, Igrexafeita e Ferreira	41.849,80	0,00	41.849,80
		SUBTOTAL	85.369,57	0,00	85.369,57
Teo	09.3270.0046.0	Acid. e afirmado da estrada Luou-Pontevea. Teo	153.000,00	0,00	153.000,00
		SUBTOTAL	153.000,00	0,00	153.000,00
Toques	09.3270.0047.0	Reparación en Insua e outros. Toques	65.906,93	0,00	65.906,93
		SUBTOTAL	65.906,93	0,00	65.906,93
Tordoia	09.3270.0048.0	Repa. cm. Castiñeiro-Igrexa(Andoio) e outro. Tordoia	41.576,37	0,00	41.576,37
	09.3270.0049.0	Repa. curva cam. Fontán a Codesal(Vila de Abade) e outro	58.922,06	0,00	58.922,06
		SUBTOTAL	100.498,43	0,00	100.498,43
Touro	09.3270.0050.0	Depósito na rede xeral de abastecemento. Touro	105.336,46	0,00	105.336,46
		SUBTOTAL	105.336,46	0,00	105.336,46
Valdoviño	09.3270.0051.0	Canlz san e pluviais cruce estrada do Trece o concello	99.987,26	0,00	99.987,26
		SUBTOTAL	99.987,26	0,00	99.987,26
Vedra	09.3270.0052.0	Mellora firme vías municipais. Vedra	53.863,18	0,00	53.863,18
	09.3270.0053.0	Instal. tabiquería móbil no Museo de Vedra	30.000,00	0,00	30.000,00
		SUBTOTAL	83.863,18	0,00	83.863,18
Vilarmaior	09.3270.0054.0	Saneamento Castro-Bouzoa. Vilarmaior	46.084,66	0,00	46.084,66
		SUBTOTAL	46.084,66	0,00	46.084,66
Vimianzo	09.3270.0055.0	Repo. firme camiños públicos Roalo. Vimianzo	58.377,30	0,00	58.377,30
	09.3270.0056.0	Pav. A Codeseira (Vimianzo) e camiño da Costa (Orbellido)	30.000,02	0,00	30.000,02
	09.3270.0057.0	Repo. firme camiños públicos Baiñas, Treos e outros	64.423,79	0,00	64.423,79
		SUBTOTAL	152.801,11	0,00	152.801,11
			TOTAL	3.002.261,02	146.459,97
					3.148.720,99

B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS

CONCELLO	CÓDIGO OBRA	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
----------	-------------	--------------	-------------------	------------------	-------

Arzúa	09.3270.0301.0	Acheg. mpal. Plan parques infantiles 2009 Obra 2. Arzúa	10.144,27	10.144,27
	09.3270.0302.0	Acheg. mpal. rec. pista Arzúa para activades deportivas	48.309,15	48.309,15
	09.3270.0303.0	Acheg. mpal. Arzúa urb. Rúa Luis Seoane Plan Xunta Deput	48.415,39	48.415,39
	09.3270.0304.0	Acheg. mpal. Reforma local social Viñós	5.933,89	5.933,89
		SUBTOTAL	112.802,70	112.802,70
Baña, A	09.3270.0305.0	Acheg. mpal. Plan herba artificial. Obra 42. A Baña	97.046,13	97.046,13
		SUBTOTAL	97.046,13	97.046,13
Boqueixón	09.3270.0306.0	Acheg. mpal. Plan herba artificial. Obra 43. Boqueixón	59.400,00	59.400,00
	09.3270.0307.0	Acheg. mpal. Rede baixa tensión Boqueixón	29.519,04	29.519,04
		SUBTOTAL	88.919,04	88.919,04
Capela, A	09.3270.0308.0	Acheg. mpal. Plan herba artificial. Obra 45. A Capela	59.682,67	59.682,67
		SUBTOTAL	59.682,67	59.682,67
Carnota	09.3270.0309.0	Acheg. mpal. Plan ilum. cmp. fútbol.Obra 10. Carnota	11.000,00	11.000,00
	09.3270.0310.0	Acheg. mpal. Plan parques infantís 2009. Carnota	11.000,00	11.000,00
	09.3270.0311.0	Acheg. mpal.rede saneam.Pedramarrada PCC Obra 10	10.000,00	10.000,00
	09.3270.0312.0	Acheg. mpal.rede saneam. Lira PCC Obra 95	10.000,00	10.000,00
		SUBTOTAL	42.000,00	42.000,00
Carral	09.3270.0313.0	Acheg. mpal. instal. aforro enerxético. Carral	43.809,64	43.809,64
		SUBTOTAL	43.809,64	43.809,64
Lousame	09.3270.0314.0	Acheg. mpal. redución enerxética alumeados Lousame	37.099,55	37.099,55
		SUBTOTAL	37.099,55	37.099,55
Muxía	09.3270.0315.0	Acheg. mpal. mellora cntornos etnográficos ambiental. Muxía	112.294,28	112.294,28
		SUBTOTAL	112.294,28	112.294,28
Rianxo	09.3270.0316.0	Acheg. mpal. acond. Alameda. Rianxo PCC . Obra 85	30.000,00	30.000,00
	09.3270.0317.0	Acheg. mpal. Plan herba artificial. Obra 56. Rianxo	80.913,05	80.913,05
		SUBTOTAL	110.913,05	110.913,05
Santiso	09.3270.0318.0	Acheg. mpal. redución enerxética alumeados . Santiso	73.367,13	73.367,13
		SUBTOTAL	73.367,13	73.367,13
Val do Dubra	09.3270.0319.0	Acheg. mpal.reduc.enerxética alum. Casa Concello. V Dubra	43.603,12	43.603,12
	09.3270.0320.0	Acheg. mpal.reduc.enerxética alum. R/ Muiños. V Dubra	39.827,85	39.827,85
	09.3270.0321.0	Acheg. mpal. capt. depósito Rial. PCC Obra 102 V. Dubra	10.676,90	10.676,90
		SUBTOTAL	94.107,87	94.107,87
		TOTAL	872.042,06	872.042,06

C) RESUMO

A) OBRAS OU ADQUISICIÓNS

3.002.261,02 146.459,97 3.148.720,99

B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS

872.042,06 872.042,06

TOTAL 3.874.303,08 146.459,97 4.020.763,05

ANEXO II: PLAN COMPLEMENTARIO

--	--	--	--

CONCELLO	DENOMINACION	IMPORTE
Aranga	Acd. local mpal. para cultura, depor. e serv. soc.	33.122,84
Bergondo	Pavimentación estrada das Leiras. Bergondo	42.481,81
Boimorto	Mell. camiños Saamil, Fradega e Franzomil	49.954,97
Capela, A	Pavi. vías municipais As Neves, O Lombo e Igrexa	34.485,29
Narón	Repa rodadura da vía Bazón-Prados. Narón	34.607,58
Oza dos Ríos	Aglomerado cruce Carraceda a núcleo de Oza	30.013,70
Val do Dubra	Ampl. alumeados púb varios lgs. concello Val do Dubra	35.331,88
TOTAIS		259.998,07

8.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS PARA A RECLAMACIÓN AO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA, POLA BONIFICACIÓN DO 95% DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) ÁS AUTOESTRADAS. CONCELLOS: ABEGONDO, BERGONDO, MIÑO, NARÓN E TEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aceptar a delegación presentada por cada un dos concellos delegantes:

- ⇒ Abegondo, condicionada ao cumprimento do compromiso suscrito polo alcalde no escrito do 4 de setembro de 2009.
- ⇒ Bergondo
- ⇒ Miño
- ⇒ Narón
- ⇒ Teo

2) Facultar ao presidente para adoptar as disposicións e actuacións necesarias para levar a efecto as reclamacións.”

9.-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a Conta Xeral da Excm. Deputación Provincial correspondente ao exercicio económico de 2008, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.- Renderlle ao *Tribunal de Contas*, ao Consello de Contas e remitirle á *Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais* a devandita conta, unha vez aprobada definitivamente.”

10.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Mejuto

Bo día, presidente, compañeiros e compañeiras. Hoxe a miña intervención é unha intervención distinta, non é para o debate dunha moción, nin tampouco para facer

ningunha proposta, pero si, antes de renunciar á miña acta de deputada, quéro lle mostrar o meu agradecemento pola xenerosidade que ao longo destes dous anos tiveron comigo os meus compañeiros, liderados por Adolfo Gacio, e agradecemento que, por suposto, tamén o quero facer extensible ao equipo de goberno, liderado pola persoa do presidente, de vostede.

Foron dous anos gratificantes, cando un dá pasos en política sempre lle quedan recordos e quédanme uns recordos moi bos polo trato que aquí se dá entre os distintos compañeiros, polo respecto institucional, pola seriedade coa que se tratan os temas, tanto os expostos enriba da mesa polo equipo de goberno como as propostas feitas pola oposición e, ao mesmo tempo, voume coa satisfacción de ter feito un traballo que espero contribuír na medida do posible a facer aínda unha mellor política e que esta repercutise positivamente nos cidadáns. A nivel persoal tamén me queda un grato recordo porque fun nai por segunda vez, iso tamén sempre queda aí, quedas con datas en concreto e sendo de Melide, presidente, eu quéro lle agradecer o esforzo que ao longo destes anos fixo polo meu concello, foron proxectos importantes, algúns aprobados, outros en marcha e outros que estou segura que recentemente finalizarán, proxectos de todas as índoles como infraestruturas, estrada Melide-Visantóna, como pode ser esa... –está sorrindo Bernardino - as beirarrúas nas Barreiras, o apoio á Orquestra Sinfónica e unha infinidade de cousas máis que, por suposto, teño que agradecer.

Seguirei en política activa, sobre todo no que é a política local, e por suposto vixiante do traballo que fagan os distintos deputados e tamén facendo distintas propostas dentro das miñas posibilidades.

Foi un pracer traballar man a man con todos vós, cos meus compañeiros, co equipo de goberno, como dixeron, en política hai que dar pasos, vaime substituír unha persoa que é un traballador nato, que é o alcalde de Val do Dubra, tamén foi un pracer, e aínda que non me dou tempo a coñecer a todos os funcionarios, poder tratalos, traballar con eles, son verdadeiros profesionais e eu empúxovos a que sigades así, que sigades así todos os deputados, porque hai moi boa harmonía e esa harmonía ten que trasladarse á sociedade nun momento difícil e os políticos somos os que temos que dar exemplo. Sen máis, moitas grazas, e quedo á vosa enteira disposición.

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

Sra. Pérez Fernández

Bo día a todos e a todas. Sra. Vázquez, en nome do grupo do Bloque Nacionalista Galego, aquí nesta Deputación provincial, queremos agradecerlle en primeiro lugar as súas palabras de agora mesmo, en segundo lugar tamén o seu traballo ao longo destes dous anos, a favor, non nos cabe ningunha dúbida, do conxunto da cidadanía desta provincia, o seu esforzo, e en todo caso nós esperamos que a súa marcha desta Deputación non sexa por ningunha causa, por ningún problema que lle

impida continuar aquí, senón por calquera outra causa que non teña importancia ningunha. Corresponderlle nas súas últimas palabras respecto do agradecemento tamén, do trato que mantivo cos deputados, en concreto, e deputadas do Bloque Nacionalista Galego, animala, efectivamente, a que continúe, valla a redundancia, con ese ánimo.

Eu, isto xa llo comento a título persoal, quero que o saiba, que admiro a case todo o mundo que participamos en política, sobre todo a nivel local, onde a política sabemos todos que é de amateurs e que é complicada, pero no caso das mulleres admiroo aínda moito máis e, polo tanto, ánimoa xa, insisto, a nivel persoal, a que continúe neste traballo porque é tamén unha maneira de que as mulleres teñamos presenza na medida en que nos corresponden na vida pública e estando, traballando aí, á par dos compañeiros, pero estando traballando aí, e demostrando, efectivamente, que somos tamén capaces de facer política e facela moi ben, cando nolo propomos.

En todo caso, moitos éxitos na súa vida particular e, desde logo, na súa vida persoal, e aproveito para reiterarlle outra vez as felicidades e que probablemente non lle podamos, ou non lle poidan comprender outros neste foro, a súa felicidade en todo caso por ser nai por segunda vez. Moitas felicidades, moitos agradecementos e moitos éxitos.

Sr. presidente

Eu tamén quería sumarme a isto e eu quería en nome de todos agradecerche, Ángeles, e perdoa que nos atemos aínda que formalmente deberíamos de tratarnos de vostede no Pleno, polo traballo desenvolvido na Deputación durante dous anos e pola colaboración que sempre atopei desde esta Presidencia. Foron dous anos de ilusión, dous anos en que demostramos que somos capaces moitas veces de antepor o interese xeral ao interese persoal, observaches que aquí a maioría das cousas apróbanse por unanimidade, e apróbanse por unanimidade porque entendemos que non somos inimigos, que podemos ser adversarios nunha confrontación política, pero que unha vez que nos sentamos aquí temos un único interese que é servir aos cidadáns, servir aos concellos e facerlles a vida máis agradable e máis feliz, se é posible, dispoño de mellores servizos, con maior calidade e mellor prestación dos servizos públicos.

Non fai falta dicir que as portas están abertas e non fai falta dicir que aquí che quedan amigos e compañeiros. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

- “1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo pola deputada provincial dona Ángeles Vázquez Mejuto.
- 2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado/a provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Rey Varela

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. O motivo da presentación desta moción é que recentemente asinouse un convenio de colaboración entre os concellos de Ferrol e Narón para colaborar no servizo de bombeiros. É coñecido o compromiso desta Deputación provincial con algúns temas de competencia municipal como son o de seguridade en lugares públicos, protección civil e prevención de incendios.

Desde o punto de vista do Grupo Provincial do Partido Popular é precisamente nestes asuntos importantísimos para os concellos onde xogan un papel fundamental as deputacións provinciais, deputacións que poden, en moitos casos, e de feito nesta provincia estano facendo en moitos casos, conseguir a asociación de intereses entre concellos e outras administracións con competencias nesta materia. Así se fixo nesta Deputación, existe un Consorcio Provincial de Bombeiros, que lle presta asistencia a practicamente todos os concellos da nosa provincia, e existe tamén un convenio de colaboración específico co Concello de Santiago no que se intentou, digamos, esa fórmula de colaboración comarcal que despois tivo, como todos vostedes saben, algúns atrancos. No caso de Ferrolterra, concretamente, isto non é así, e polo tanto, desde o noso punto de vista, existe, digamos, unha discriminación negativa para estes concellos que non reciben ningún tipo de achega para o propio servizo de bombeiros, como si reciben outros moitos concellos da provincia, ou directamente ou a través deste Consorcio Provincial de Bombeiros. Ese é o motivo da presentación desta moción.

Moi recentemente aprobouse no Concello de Ferrol, no Concello de Narón, este convenio de colaboración, aprobouse unha moción no Concello de Ferrol por unanimidade de todos os grupos políticos para solicitarlle á Deputación provincial e á Xunta de Galicia a busca de fórmulas de colaboración para que este servizo poida ser sufragado por todas as partes, polos concellos, por suposto, pola Deputación, pero tamén pola Xunta de Galicia a través da súa Consellería de Presidencia e por iso traemos esa mesma moción ao Pleno para, xa digo, demostrar que as deputacións seguen xogando un papel fundamental na cooperación cos concellos, na asociación de intereses cos concellos, desde os principios de transparencia e de igualdade de oportunidades de todos os cidadáns desa provincia. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bo día a todos e a todas. Agradezo a intervención, a proposta que fai neste caso o voceiro do Grupo Popular.

Indubidablemente a Deputación da Coruña vén colaborando en distintos aspectos no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña coas unidades de protección civil tan importantes e que tan bo labor fan nos concellos e o que nos atinxe aquí, o que respecta ao que nos expón a urxencia, quérolle facer catro fincapés.

En primeiro lugar fai unha comparación co convenio de Santiago non ten neste caso, digamos, practicamente nada que ver. O Concello de Santiago, non vou relatar aquí cales foron as circunstancias de tipo xurídico que se deron como remate final que obrigaron a non poder consorciar e á Deputación a ter que facerse cargo do seu compromiso do 40% de 19 bombeiros de persoal, que se van baixando a súa contía, 3 en 2008, 3 en 2009 e así sucesivamente ata o ano 2011.

Doutra banda, teño que dicirlle que contamos no contorno de Ferrol cun parque das Pontes que tamén fai a súa influencia en distintos concellos, os cales vostede nomea na súa propia moción.

Teño que dicirlle que ten algún pequeno dato que nós consideramos erróneo, non porque o digamos de memoria, senón porque o analizamos desde o convenio que se asinou o 14 de agosto entre o Concello de Ferrol e o Concello de Narón, onde as contías non son as mesmas, e tendo en conta estas circunstancias, dicirlle que a través do Consorcio Provincial de Bombeiros e de cara aos orzamentos do ano 2010, deixamos a porta aberta para estudar iso, non considerando de urxencia o seu debate nesta sesión plenaria. Moitas grazas.

Sr. Rey Varela

Eu penso que a moción ten a súa urxencia porque moi recentemente se aprobou este convenio de colaboración entre dous concellos da nosa provincia e que ademais a nós cóstanos a disposición da Xunta de Galicia a participar neste proceso de colaboración entre os concellos. Dime vostede, Sr. Lagares, que o convenio de Santiago non é igual a este convenio, efectivamente, non é igual, en Santiago non se está prestando un servizo, digamos, que atinxa a máis concellos que Santiago e si se está financiando por parte da Deputación. Aquí estamos falando de que se financie por parte da Deputación un servizo que se presta a outros concellos, non soamente a Narón, senón que de feito estase prestando a outros bombeiros que non cobre, Sr. Lagares, non é correcto ese dato que vostede dá, non cobre todos os concellos da bisbarra de Ferrol, ao Concello das Pontes non acoden, por pórllle un exemplo, ao Concello de Cabanas, non acoden por pórllle outro exemplo, ao Concello de Narón, non acoden ao Concello de Valdoviño, etc., etc.

Con respecto aos datos económicos, se vostede ten algunha dúbida, podémola obviamente contrastar, eu manteño que os datos que están reflectidos na moción son absolutamente correctos, e dicirlle tamén que son tan correctos que esta moción foi aprobada por unanimidade dos grupos políticos do Concello de Ferrol. O certo é que

cada ferrolán paga aproximadamente 27 euros por manter o seu servizo de bombeiros, os naroneses 14 euros, e o resto dos concellos da nosa bisbarra non están sufragando este servizo de bombeiros. Polo tanto, o que nós pedimos é auxilio á Deputación e á Xunta de Galicia para que haxa un reparto equitativo dos gastos dos diferentes cidadáns da nosa bisbarra.

Sr. Lagares Pérez

Volvemos a dicirlle que, evidentemente, cita un concello que xa está asistido polo parque de bombeiros das Pontes, dígolle que son As Pontes, Somozas, San Sadurniño, A Capela, Cabanas, e outros máis que teño aquí a distribución.

Segundo lugar, dígolle que non é, efectivamente, comparable co Concello de Santiago, por distintas razóns que non imos a ser aquí reiterativos e deixamos a porta aberta, indubidablemente, de cara á discusión orzamentaria do ano 2010, e que se debata, se así corresponde, a través do Consorcio Provincial de Bombeiros, porque aquí está representado a Xunta e a Deputación da Coruña e, polo tanto, entendemos que neste caso non é urxente a moción. Moitas grazas.

Vótase a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Ao non ser aprobada a urxencia, decae a moción e non se procede ao seu debate.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. O Grupo Provincial Popular ten tres rogos, un que farei eu e dous que fará o meu compañeiro deputado José Manuel López.

En primeiro lugar, o primeiro rogo do Grupo Provincial Popular é que se axilice o pagamento das subvencións, tanto a concellos coma a entidades, porque nun momento de dificultades económicas moitos municipios están pendentes de cobrar estas axudas para manter saneadas as súas economías. A diferenza de meses á hora de cobrar en fin de ano, ao ter que esperar o próximo exercicio económico, pode marcar diferenza entre pechar o ano cunhas contas saneadas ou con déficit. Por iso, o Grupo Provincial Popular quere pór de manifesto o atraso na resolución das subvencións para o ano 2009, así mesmo estamos moi preocupados polo atraso que se está rexistrando na

sinatura dos convenios das subvencións nominativas, aprobadas o pasado 26 de xuño, aínda que sabemos que neste momento se está en proceso de sinatura. Por iso queremos insistir na necesidade de que se prioricen todas estas xestións.

Sr. presidente

É indubidable que compartimos que se fagan as cousas canto antes mellor, e que se axilice o pagamento de subvencións. Quero lembrar que tomamos algunhas disposicións neste Pleno para favorecer o cobramento dos concellos das subvencións municipais, agora non teñen que xustificar, no momento en que xustifican, págaselles por anticipado o 70% da subvención, co cal non teñen que esperar a xustificar, no momento en que nos comunican que está adxudicada a obra e iniciada, págaselles o 70%, que é unha resolución que tomamos aquí con carácter prepagable.

Con respecto ás subvencións, creo que este ano vai máis avanzada a concesión, é un proceso complicado e difícil porque hai miles de peticións, e hai que sistematizalas, e hai que metelas no ordenador e hai que valoralas, pero indubidablemente, todo o que sexa mellora, vén ben.

E con respecto aos convenios estamos asinando xa os convenios. Os convenios non dependen da Deputación, aquí aprobamos un convenio pero logo o Concello ten que mandar a información para poder redactar o texto do convenio, e moitas veces os atrasos non son imputables á Deputación, son imputables aos atrasos que se producen á hora de recibir aquí a documentación para poder formalizar. En calquera caso, como vostede di, estanse asinando.

Todos somos conscientes da situación que están vivindo os concellos, todos, e vostede escoitome dicirle aquí ao persoal, cando nos reunimos por Nadal, dicindo “por favor, unha demora de 15 días, unha demora de 20 días nun pagamento pode levar a unha empresa a un expediente de regulación de emprego, pode levar a unha suspensión de pagamentos”. Os funcionarios están traballando, son conscientes da realidade, o que pasa é que se tramita á velocidade que se pode tramitar, se se pode incrementar, indubidablemente que se incrementará, pero cónstame a vontade dos funcionarios por facer as cousas rápidas e ben.

Sr. López Varela

Son dous rogos os que imos presentar. O primeiro é que a Deputación negocie coas compañías eléctricas de forma conxunta a subministración aos 94 concellos da provincia para obter o mellor prezo e o máis competitivo. Neste sentido, consideramos que coa liberalización do sector, a negociación conxunta permitiría mellorar e abaratar os custos de forma considerable porque o gasto eléctrico nos concellos é moi elevado e a concertación única permitiríalles ás arcas municipais aforrar moito diñeiro e se o goberno provincial pon en marcha esta iniciativa e logra unha boa negociación, queremos que se elabore un convenio marco para que os concellos que o consideren conveniente se poidan adherir para tratar de conseguir mellores prezos nas tarifas

eléctricas, e debemos de ter en conta que os concellos somos grandes consumidores de enerxía na provincia, é dicir, son iniciativas que noutras deputacións se están estudando e eu creo que tratar de negociar cos 94 concellos da provincia de forma conxunta, entendemos que sería un aforro importante que se podería conseguir coas comercializadoras.

Sr. presidente

Grazas, Sr. López Varela. Sabe que o tema de eficiencia enerxética, e de aforro enerxético, e de utilización racional de enerxía foi un tema sempre que ocupou e preocupou ao equipo de goberno, e nesa dirección tomamos xa varias medidas. Temos constituída e está operativa unha fundación, a Axencia Provincial de Enerxía, da Coruña, a FAEPAC; puxemos en marcha distintos programas de implantación de enerxía solar e fotovoltaica ao servizo dos municipios; encargamos unha auditoría en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes para saber cal é a situación de consumo enerxético municipal, esa auditoría facilitáronnola hai uns días os técnicos da Universidade que están colaborando con nós. Tamén dentro duns días, non poño prazo, porque imos analizala, hai que revisar, entregárase a cada concello o resultado da súa auditoría para que saiba a situación real na que se encontra, e temos un programa o PEACE, que nos vai a permitir no próximo mes, ou no Pleno do mes de outubro, traer aquí un investimento de 2 millóns de euros para facilitar o aforro enerxético nos concellos. É dicir, non é algo que nos colla de novas, estamos traballando en moitos campos.

E con respecto ao tema de negociar a subministración enerxética, o Sr. Rey Varela que fixemos xuntos co vicepresidente, unha visita á Deputación de Barcelona, polo mes de xullo debeu ser, sabe que un dos temas que se expuxo alí foi este precisamente. E o Sr. vicepresidente estivo onte na Deputación de Barcelona vendo os traballos que están facendo de cara a conseguir isto. Non é fácil facelo, negociar en nome de 94, é un proceso complexo, pero estamos traballando niso. O que non fixemos é unha rolda de prensa con todos os concellos dicindo que é o que imos facer, estámolo facendo, cando o teñamos feito, daremos conta.

Sen dúbida é un rogo que asumimos porque forma parte da política que este grupo de goberno está levando nos distintos municipios de cara, non só ao aforro enerxético, senón a unha utilización racional da enerxía.

Sr. López Varela

O seguinte rogo é en relación ao Plan de conservación e estado dese Plan nas vías provinciais.

Estannos chegando de varios concellos algunha reclamación pedíndonos que se interceda para que se proceda a executar este plan canto antes para garantir a seguridade nos viarios que dependen da Deputación, os cales a verdade é que están en

mal estado e vai con bastante atraso este plan cando estamos chegando xa á entrada do inverno.

Nós o que pedimos, si sabemos que se adiantou a contratación, a adxudicación desa obras, pero vemos que pasado o verán hai moitas vías que realmente non se fixeron eses labores de limpeza e mantemento das estradas provinciais e o que queremos é que se tomen as medidas para que estes traballos de mantemento e conservación das vías se poidan facer canto antes, antes da chegada do verán, e que se inste ás empresas adxudicatarias para que os traballos se poidan facer dunha forma dilixente e que se faga un control quizais máis exhaustivo por parte dos propios vixiantes e técnicos da Deputación.

Sr. presidente

Sr. López Varela, se é así, ten razón. O Plan de conservación apróbase en febreiro e está adxudicado, espero que se estea desenvolvendo con normalidade, pode haber algunha estrada que vaia con atrasos, entón eu falarei co deputado responsable de Vías e Obras, falaremos co responsable funcionario de Vías e Obras, e se vostede ten algunha estrada en concreto onde hai demoras, rógolle que mo comunique e que o poña no meu coñecemento, para pedirlle ao deputado e ao director de Vías e Obras que axilice, falando cos adxudicatarios, a limpeza desas vías.

Moitas grazas, Sra. Vázquez foi un pracer traballar con vostede, e reitero, ten as portas abertas e deixa aquí amigos e compañeiros. E a todos vostedes, moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.